

SEMANA MUNDIAL DA INMUNIZACIÓN (24-30 ABRIL) E DÍA INTERNACIONAL DA INMUNOLOXÍA (29 ABRIL)

Desde o Grupo de Investigación de Inmunoloxía da Universidade de Vigo, dirixido pola Dra. África González, directora do Centro de Investigacións Biomédica de Vigo e en colaboración coa **Sociedad Española de Inmunología (SEI)**, o **proxecto institucional europeo BIOCAPS** e a **fundación Dr. Antonio Esteve**, estamos organizando unha serie de actividades de difusión en torno á Inmunoloxía.

Co motivo da Semana Mundial da Inmunización e do Día Internacional da Inmunoloxía, propoñemos ao profesorado de Bioloxía de 3º da ESO que na semana de luns 27 a xoves 30 de abril se involucre nunha actividade en **torno á importancia das vacinas hoxe en día**. O formato da actividade é libre: redacción, teatro, xogo, vídeo, presentación, maqueta e pode ser individual ou por grupos.

Os centros interesados e dispostos a participar poden inscribirse enviando un correo a inmunologia@uvigo.es, **antes do 13 de abril**, indicando no asunto: **ACTIVIDADE INMUNOLOXÍA 2015**. Coa inscrición, o centro recibirá un exemplar en formato dixital do libro de divulgación científica ***“Los misterios del sistema inmunitario. Cómo protege nuestro cuerpo”***, e outro material de apoio á actividade.

Nos 15 días posteriores á realización da actividade, os centros deberán remitir “feedback” da mesma en formato libre á mesma dirección: inmunologia@uvigo.es. Poden enviarse vídeos do debate (ou teatro, xogo...no seu caso), fotografías de traballos, documentos de texto coas principais conclusións e/ou singularidades da actividade, etc. Co recibido farase unha selección e o material seleccionado será publicado tanto na Web do grupo de investigación da Universidade de Vigo (<http://inmunologia.webs.uvigo.es/>) como na web do BIOCAPS (Biomedical Capacities Support Program, <http://biocaps.webs.uvigo.es/>).

Á súa vez enviarase uns exemplares impresos do libro ***“Los misterios del sistema inmunitario. Cómo protege nuestro cuerpo”*** ó centro, así como un diploma acreditativo da participación do centro na actividade.

Como suxerencia enviamos as pautas dunha posible actividade formato “debate” a realizar nunha hora de clase. Esta actividade estaría estruturada en 3 partes de similar duración. No primeiro cuarto de hora, o profesorado transmitiría ao alumnado unhas nocións da materia (1), no segundo cuarto de hora o alumnado faría unha busca e/ou lectura (2) de información, e, no último cuarto, abriríase o debate (3).

1. O profesorado pode combinar una charla maxistral apoiada con gráficos para impartir uns conceptos básicos (inmunidade, antíxenos, anticorpos, vacinas, memoria inmunolóxica,...) e a presentación dalgún vídeo corto (5 minutos) feito por científicos investigadores expertos no tema. O grupo de Inmunoloxía da Universidade de Vigo ofrecerá material de apoio para a explicación destes conceptos e suxerirá enlaces a vídeos de interes.
2. Dependendo dos recursos dispoñibles (principalmente acceso a internet) o alumnado poderá levar a cabo unha busca *in situ* de información ou senón, facer unha lectura de material previamente seleccionado. A información debería cubrir os temas dos calendarios de vacinas, infeccións erradicadas gracias ás vacinas, cobertura actual segundo a zona, noticias recentes, seguridade e/ou riscos das vacinas, etc.
3. O debate pode facerse natural, onde se expoñan as posturas reais de cada persoa, ou forzado, establecendo grupos que deban defender unha postura concreta, aínda que non corresponda co que opinan realmente.

Sería interesante que no debate se tratasen os temas sobre os que se acaba de recibir a información: calendarios de vacinas, incorporacións de novas vacinas, ausencia e novas eliminacións de vacinas recomendadas por pediatras, obriga e/ou liberdades ao hora de vacinar aos fill@s, riscos para a persoa, riscos para a poboación xeral, e de toda a actividade, extraer unha ou varias conclusións.

Animámosvos a participar a difundir a INMUNOLOXÍA.